III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o apoio de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento MR331A).

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais no ámbito rural e engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

Mediante o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 102, do 30 de maio), desde a súa constitución asumirá as funcións e competencias atribuídas en materia de formación, innovación, investigación e innovación tecnolóxica, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

No ámbito do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario teñen unha importante relevancia na procura do desenvolvemento rural as accións de programación, coordinación e impulso da innovación e investigación e a innovación tecnolóxica, así como as accións de formación, información e transferencia tecnolóxica ao sector e a adopción dos resultados da investigación agroforestal e agroalimentaria.

Nun contexto dunha crecente competencia é importante velar para que estes sectores poidan aproveitar oportunidades de mercado mediante enfoques amplos e innovadores na implantación de proxectos piloto e na creación de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías. Con este fin debe fomentarse a cooperación entre os agricultores e a industria de transformación dos alimentos e as materias primas e demais interesados.

Por outra banda, o Consello da Xunta de Galicia, nas súas reunións do 24 de setembro e do 22 de outubro de 2009, aprobou o programa Impulsa Lugo e o programa Impulsa Ou-

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

rense, respectivamente, nos cales se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio aos investimentos. Dada a situación económica actual, en que as provincias de Lugo e Ourense se viron afectadas con especial incidencia pola desaceleración no desenvolvemento das empresas e proxectos de investimento existentes, considérase fundamental que a Consellería do Medio Rural, a través das súas liñas de axuda, prime dalgún modo as iniciativas investidoras implantadas nestas áreas xeográficas coa finalidade de estimular o seu desenvolvemento económico e social e favorecer o reequilibrio territorial.

Por iso na presente resolución establécese como criterio de prioridade o feito de que as actuacións se desenvolvan en zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, de acordo coas definicións recollidas no Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (en diante FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, ao estar incorporados a estas case que a totalidade dos concellos destas dúas provincias.

As axudas para a implantación de proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal, baixo a submedida 16.20, terán un efecto directo sobre a área focal 3A establecida no PDR 2014-2020: mellorar a competitividade dos produtores primarios integrándoos mellor na cadea agroalimentaria a través de réximes de calidade, engadir valor aos produtos agrarios, promoción en mercados locais e en circuítos de distribución curtos, agrupacións e organizacións de produtores e organizacións interprofesionais.

Ao mesmo tempo, terán efectos secundarios sobre as áreas focais:

– 2B: facilitar a entrada no sector agrario de agricultores adecuadamente formados e, en particular, a remuda xeracional.

– 5B: uso máis eficiente da enerxía na agricultura e na transformación de produtos agrarios.

– 5C: facilitar a subministración e o uso de fontes renovables de enerxía, subprodutos, residuos e demais materia prima non alimentaria para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía.

Estas axudas convócanse amparadas no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ás axudas ao desen-

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

volvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e, en concreto, no artigo 35 de cooperación, así como demais normativa comunitaria sobre axudas de estado, e enmárcanse dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, medida 16, submedida 16.20, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, e modificado por última vez mediante a Decisión de execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019.

O artigo 1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 sobre a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións poderán iniciarse sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, mesmo cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vaia materializar a contraprestación e, no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Ademais, o artigo 3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas da Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións para a realización de accións de cooperación para a implantación de

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

proxectos piloto, desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agroalimentario, agrícola e forestal, e convocar estas axudas, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, para o ano 2020. O seu código de procedemento é MR331A.

As iniciativas de innovación traduciranse na implantación de proxectos piloto ou no desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, alimentario e forestal e agroalimentario.

O desenvolvemento poderá entenderse tanto na incorporación de novidades como na aplicación de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías xa existentes en condicións onde tradicionalmente non se utilizaron previamente. Non obstante, non se poderán financiar proxectos xa realizados en territorios e condicións similares. En ningún caso se financiarán proxectos de investigación básica ou fundamental.

Artigo 2. *Entidades beneficiarias das axudas e outros axentes cooperantes*

1. Poderán acceder á condición de beneficiarias das subvencións obxecto da presente resolución:

a) Persoas físicas ou xurídicas e organizacións ou entidades directamente vinculadas á produción primaria en agricultura, gandaría e/ou silvicultura.

b) Persoas físicas ou xurídicas primeiras transformadoras do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

Non poderán acceder á condición de beneficiarios das subvencións obxecto da presente resolución os centros de investigación e experimentación e os centros tecnolóxicos.

2. Na realización da actividade subvencionada poderán participar, ademais dos beneficiarios regulados no punto 1, os axentes cooperantes, e poderá adquirir tal condición as seguintes entidades:

a) Persoas físicas ou xurídicas e organizacións ou entidades (ambas as dúas sen ánimo de lucro) dedicadas á produción primaria en agricultura, gandaría e/ou silvicultura, así como á transformación do sector agrario, alimentario e forestal ou da área de enerxías renovables de orixe agrícola e forestal.

b) Centros de investigación e experimentación da Consellería do Medio Rural e centros tecnolóxicos participados por ela, así como outros centros públicos de investigación.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

c) Entidades sen ánimo de lucro que promovan a investigación, a innovación e o desenvolvemento do medio rural, así como as que desenvolvan actividades de promoción, asesoramento, dinamización ou financiamento de proxectos nos ámbitos agrario ou forestal.

d) Entidades asesoras na conservación ou no uso sustentables dos recursos naturais.

e) Outras entidades con intereses recoñecidos no ámbito rural.

O orzamento das actividades de ningún dos axentes cooperantes poderá ser inferior ao 10 % do orzamento total da proposta de cooperación, excepto no caso de produtores primarios que acrediten a súa participación activa no proxecto.

3. Na acción de cooperación deberán intervir como mínimo dous axentes e, cando menos un deles deberá ser un dos indicados no punto 1 deste artigo e o outro, un dos axentes cooperantes a que se fai referencia no punto 2 deste mesmo artigo.

Artigo 3. *Requisitos das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias da acción de cooperación deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Realizar a actividade obxecto da axuda no ámbito territorial de Galicia.

b) Certificar que están ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Posuír personalidade xurídica propia e suficiente capacidade de obrar e non estar inhabilitadas para a obtención de subvención ou axuda pública ou para contratar co Estado, coas comunidades autónomas ou outros entes públicos.

d) Non incorrer nalgunha das circunstancias relacionadas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Unha mesma entidade non poderá ser beneficiaria de máis de dúas axudas nesta convocatoria. No caso das entidades que teñan máis de dúas solicitudes que superen a fase de avaliación, só serán admitidas aquelas dúas solicitudes que acadasen a maior puntuación nesta fase.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

Artigo 4. *Actividades subvencionables*

1. As áreas prioritarias de actuación das iniciativas de cooperación serán as seguintes:

a) Xestión sustentable das recursos naturais.

• Sistemas de produción agro-silvopastorais con alto grao de diversidade, con manexos ecolóxicos ou integrados, centrados nas áreas específicas para recursos xenéticos animais e vexetais importantes para Galicia (gandería de vacún, ovino e cabrún; pasteiros, forraxes, cereais, froitas, hortalizas, viñedo, plantas industriais e outras).

• Programas específicos dirixidos ás áreas de sanidade animal e vexetal e uso sustentable de produtos fitosanitarios. As iniciativas terán en conta as orientacións e achegas ao impulso dos sistemas agrarios que contribúan á mitigación dos impactos negativos da agricultura sobre o medio, en concreto no relativo á calidade das augas e á emisión de gases de efecto invernadoiro, con especial énfase na xestión dos efluentes procedentes da actividade agraria nas explotacións e a súa valorización como fertilizantes.

• Xestión de recursos hídricos agrícolas, en particular nas tecnoloxías de xestión e utilización de augas superficiais para a súa utilización sustentable e eficiente na rega de cultivos, control de canais e prevención de inundacións.

• Estudo da eficiencia de uso e do impacto no medio natural dos recursos internos e externos das explotacións (terra, auga, enerxía e nutrientes), co obxectivo de mellorar a produción de alimentos de alta calidade de forma compatible coa prestación de servizos ambientais pola agricultura galega.

• Xestión de fertilizantes nas explotacións agrarias.

• Mitigación do cambio climático nas explotacións agrarias para fomentar o paso a unha economía baixa en carbono, lograr mellorar a eficiencia do uso da auga e da enerxía e facilitar o uso de fontes renovables de enerxía.

• Desenvolvemento de tecnoloxías para a preservación e a mellora xenética dos recursos animais e vexetais orientadas á produción de alimentos de calidade, en sistemas sustentables e con reducido impacto ambiental.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

b) Sistemas agrarios de produción.

• Aumento da sustentabilidade e competitividade dos sistemas de produción agrícola, gandeira e forestal orientado á salvagarda da saúde dos consumidores, á mitigación dos impactos ambientais e á loita contra o cambio climático. Inclúense o desenvolvemento e a obtención de novas tecnoloxías, equipamentos e instalacións, maquinaria, sistemas de produción, manexo e recolección de cultivos, así como a mellora xenética, a protección vexetal e animal, o desenvolvemento de axentes de control biolóxicos e o mantemento de especies e ecosistemas autóctonos.

• Tecnoloxías de produción de baixo *input* de pesticidas e fertilizantes sintéticos e de produción ecolóxica, que teñan en conta a mellora do manexo dos recursos vexetais con respecto a súa composición, resistencia á tensión por axentes bióticos e abióticos, en particular á seca, malas herbas e axentes patóxenos.

• Estudo da ecoloxía e bioloxía de pragas e enfermidades, malas herbas e outros axentes patóxenos co obxectivo de desenvolver técnicas e ferramentas de manexo sustentable en sanidade vexetal.

• Mellora dos métodos de monitorización, preservación e mellora da fertilidade do solo.

• Mellora da competitividade e sustentabilidade dos cultivos de cereais e leguminosas (gran e forraxe) para alimentación humana e animal. Mellora xenética varietal do rendemento, plasticidade, resistencia e calidade das proteínas, a partir da explotación dos recursos xenéticos autóctonos.

• Desenvolvemento e explotación dos bancos de xenes para a mellora da competitividade e sustentabilidade dos sistemas de produción agraria.

• Mellora e extensión dos métodos de seguimento e control de patoloxías parasitarias e infecciosas nas producións animais extensivas e ecolóxicas e outras ameazas á sustentabilidade e seguridade da produción alimentaria.

c) Industria agroalimentaria.

• Tecnoloxías de creación de valor no marco dun sector agroindustrial sustentable e competitivo, orientado á obtención de produtos seguros e saudables.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

• Tecnoloxías para asegurar a calidade e autenticidade alimentaria.

• Mecanismos e procedementos para a redución do consumo de enerxía e a optimización dos procesos de control para lograr un procesamento de alimentos máis sustentable e competitivo.

• Produción de alimentos tradicionais en pequenas e medianas empresas (en diante pemes) alimentarias, relacionadas cos beneficios da dieta atlántica galega.

• Biodispoñibilidade de constituíntes funcionais de alimentos en produtos vexetais e animais e a súa relación cos sistemas de produción extensivos e ecolóxicos.

• Mantemento da actividade biolóxica de ingredientes funcionais durante o procesamento e a conservación de alimentos.

• Busca de novas fontes de ingredientes funcionais adaptadas á realidade produtiva galega, incluído o aproveitamento de subprodutos da industria alimentaria.

• Explotación da diversidade bioquímica das plantas a través do desenvolvemento do concepto de biorrefinaría.

d) Cadea agroalimentaria.

• Tecnoloxías para asegurar a seguridade e a autenticidade na cadea alimentaria.

• Medida da pegada de carbono ao longo dos procesos da cadea alimentaria.

• Uso de marcadores para confirmar a calidade e/ou autenticidade dos alimentos.

e) Bioeconomía.

• Custos de produción dos sistemas de produción agrícola, gandeira e forestal aplicados a situacións con limitacións naturais ou outras limitacións específicas, incluídas as situadas en zonas menos favorecidas e de montaña.

• Ferramentas e técnicas de investigación socioeconómica e de soporte á toma de decisións en políticas agrarias dirixidas á solución das necesidades da poboación rural e ao seu desenvolvemento sustentable.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

• Tecnoloxías para a medición do impacto da investigación agraria en desenvolvemento, sustentabilidade e competitividade da agricultura galega.

• Estudo de métodos e ferramentas para facilitar a transferencia e aplicabilidade dos resultados de proxectos de investigación en innovacións reais dentro do sector agroindustrial galego, dirixidas especialmente tanto a explotacións e cooperativas agrarias como a pemes agroindustriais, demostrando o potencial de explotación das innovacións e os beneficios económicos e competitivos que se obteñen das innovacións.

f) Aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación (en diante TIC) ao sector.

2. A duración máxima da iniciativa de cooperación será de tres anualidades e a duración mínima será de dúas anualidades.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

Poderán subvencionarse os custos directos vinculados aos proxectos aprobados. En particular, gastos de infraestruturas estritamente necesarias para o desenvolvemento dos proxectos, equipamento e material inventariable, gastos de funcionamento, subministracións e material funxible, gastos de persoal investigador ou auxiliar, custo de colaboracións externas e outros custos indirectos nas condicións establecidas polo artigo 68 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante Feader) e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

As axudas previstas nesta resolución para a implantación e desenvolvemento de proxectos destinaranse a cubrir os gastos que estean directamente relacionados co orzamento do proxecto para o cal se concederon, e poderán aplicarse aos conceptos que a continuación se detallan.

1. Custos directos:

a) Custo de persoal. Os gastos debidos á imputación de custos de persoal técnico propio que participe no proxecto calcularanse atendendo aos seguintes importes por hora

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

traballada e para cada categoría laboral. Os ditos importes subvencionables serán os que resultan de dividir as cantidades seguintes entre 1.750 horas, cun máximo anual equivalente á suma total establecida para cada categoría:

• Titulado superior: 32.000 euros anuais.

• Titulado medio: 27.000 euros anuais.

• Técnico de FP de grao superior: 22.000 euros anuais.

• Categorías laborais distintas das anteriores: 18.000 euros anuais.

b) Custo de execución. Serán subvencionables os gastos debidamente xustificados encadrados nas seguintes categorías:

1º. Material inventariable:

– Adquisición de equipamento estritamente necesario para a realización da actuación, na medida e durante o período en que se dediquen ao proxecto en cuestión, e que estea debidamente xustificado. Se o material inventariable se vai poder utilizar despois do remate do proxecto, só se considerarán subvencionables os custos de amortización que correspondan á duración do proxecto, calculados mediante o método lineal e considerando un nulo valor residual do referido material. No caso de adquisición de equipamentos de segunda man, deberán respectarse as condicións do artigo 13, letra b), do Regulamento delegado (UE) 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014 , que completa o Regulamento (UE) n° 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias, debendo ademais achegar certificado do taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

– Adquisición de fondos bibliográficos relacionados coa actividade.

2º. Adecuación ou mellora de infraestruturas e equipamento.

3º. Servizos tecnolóxicos externos necesarios para o desenvolvemento do proxecto, debidamente xustificados. Entenderase por servizos tecnolóxicos aquelas actividades, diferentes á acción de cooperación proposta, que deban ser puntualmente prestadas por outra entidade para que o proxecto poida ser desenvolvido, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñería para a montaxe e operación, estudos e actividades complemen-

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

tarias e consultorías externas. Non se admitirán servizos tecnolóxicos externos realizados por empresas ou sociedades pertencentes ao mesmo grupo empresarial da entidade solicitante. As actividades que vaia desenvolver cada un dos axentes cooperantes na iniciativa de cooperación non se considerará como un servizo tecnolóxico externo.

Con base no establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade, xustificando debidamente a non dispoñibilidade de medios propios para levala a cabo.

4º. Material funxible: adquisición de materiais funxibles ou compoñentes precisos para a execución do proxecto, debidamente xustificados.

5º. Viaxes e axudas de custo relacionadas coa execución do proxecto, debidamente xustificadas, nas contías establecidas pola normativa vixente que regula as indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia (Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, e Resolución do 29 de decembro de 2005, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional, establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou normativa que a substitúa).

6º. Gastos relacionados coa organización de xornadas, participación como relator ou edición de material de difusión (publicacións, webs, asistencia a congresos ou feiras e visitas recibidas con relación ao proxecto).

7º. Custos derivados do alugamento de equipamentos, instalacións ou predios destinados á realización das actuacións.

8º. Custos derivados da divulgación e transferencia de resultados, así como aqueles relativos á protección dos resultados (rexistro de patentes incluído).

2. Colaboracións externas cos axentes cooperantes indicados no número 2 do artigo 2 desta resolución. O custo da colaboración poderá incluír calquera dos conceptos sinalados no punto 1 deste mesmo artigo. A documentación acreditativa do gasto e pagamento será exixible a todo tipo de gasto, e respecto aos gastos de persoal, ademais da certificación e

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

dos partes de traballo, deberá xuntarse ao expediente a documentación correspondente (nóminas, xustificante de pagamento das retribucións, dos gastos da Seguridade Social, do imposto sobre a renda das persoas físicas (en diante IRPF), etc.).

Non se admitirán colaboracións externas realizadas por empresas ou sociedades pertencentes ao mesmo grupo empresarial que a entidade solicitante.

3. Non será subvencionable ningún gasto correspondente a actuacións ou actividades anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.

4. O imposto sobre o valor engadido (en diante IVE) só será subvencionable no caso de que sexa real e definitivamente soportado polo beneficiario e, polo tanto, non recuperable. Será precisa a presentación dunha declaración responsable sobre a exención de declaración de IVE. No caso de non presentar esta declaración entenderase que o IVE é recuperable e, polo tanto, non subvencionable.

5. En ningún caso serán subvencionables os gastos relativos á investigación básica ou fundamental nin os relativos á investigación independente.

6. Custos indirectos. En aplicación do previsto no artigo 68.1.b) do Regulamento UE 1303/2013, do 17 de decembro de 2013, o custo subvencionable para este concepto será o resultante de aplicar a porcentaxe do 15 % sobre o importe dos custos directos de persoal imputados ao proxecto segundo a solicitude presentada.

Artigo 6. *Contía das axudas*

A determinación da contía das axudas realizarase en función do número de solicitudes presentadas e da dispoñibilidade orzamentaria, de acordo cos criterios de priorización establecidos no artigo 16.

A intensidade da axuda aos proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías será do 80 % dos gastos subvencionables.

A contía máxima subvencionada en cada iniciativa de cooperación será de 150.000 euros. Non se admitirán proxectos cuxa contía real de execución sexa superior a 200.000 euros.

Os proxectos poderán desenvolverse, como máximo, ao longo de tres anualidades contadas a partir da anualidade 2020, e poderán ter unha duración de dúas anualidades con-

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

tadas a partir da anualidade 2020, sempre e cando sexa así formulado na solicitude de axuda.

No anexo I desta resolución deberán especificarse os orzamentos propostos para cada anualidade durante a cal se desenvolverá o proxecto. Os orzamentos do proxecto por anualidades seguirán a seguinte repartición en relación co orzamento total do proxecto:

• Primeira anualidade, como máximo, un 30 %.

• Segunda anualidade 50 %.

• Porcentaxe restante ata chegar ao 100 %.

Para proxectos de dúas anualidades a contía máxima será de 150.000 euros repartidos cun máximo do 30 % na primeira anualidade e o orzamento restante na segunda anualidade.

En todo caso, as porcentaxes reflectidas nos parágrafos anteriores aplicaranse sobre os orzamentos que resulten subvencionables.

Artigo 7. *Financiamento das axudas*

1. O financiamento das iniciativas de cooperación seleccionadas ao abeiro desta convocatoria imputarase á aplicación orzamentaria 14.A2.561A.770.0, código de proxecto 2016 00217, por un valor total de 2.320.000,00 euros, distribuídos nas seguintes anualidades: 696.000,00 euros en 2020, 1.160.000,00 euros en 2021 e 464.000,00 euros en 2022.

De acordo co artigo 25.2 do Decreto11/2009, do 8 de xaneiro, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión das subvencións.

2. De acordo co artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e co artigo 30.2 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, poderanse utilizar outros remanentes que poidan existir doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. A dita aplicación orzamentaria poderá ser incrementada con fondos adicionais comunitarios, estatais e da Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

3. As axudas están financiadas con fondos Feader nun 75 %, con fondos propios da Xunta de Galicia nun 22,5 % e con fondos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun 2,5 %.

Artigo 8. *Aplicación da normativa comunitaria sobre axudas públicas*

As axudas a proxectos relativos a operacións non reguladas polo artigo 36 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, é dicir, aquelas nas cales o produto final non estea incluído no anexo I do Tratado, concederanse ao abeiro do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1). Neste caso, o importe total das axudas *de minimis* que poderán recibir as entidades solicitantes non superará o importe de 200.000 € nun período de tres anos. Para comprobar o cumprimento deste requisito, os solicitantes incluídos neste suposto deberán presentar unha declaración sobre as axudas *de minimis* percibidas nos tres últimos anos fiscais no momento de presentar a solicitude e cando se solicite o pagamento da axuda, tal e como se indica nos artigos 12 e 20, respectivamente, da presente resolución.

Artigo 9. *Compatibilidade das axudas*

As axudas reguladas por esta resolución serán compatibles con calquera outra axuda que co mesmo fin concedan outras administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, sen prexuízo do establecido en relación coa concorrencia doutras axudas amparadas no réxime *de minimis* e en relación coa incompatibilidade desta axuda con calquera outra cofinanciada con fondos europeos do Feader, artigo 59.8 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do 17 de decembro de 2013, sen que en ningún caso o importe das axudas acumuladas poida superar o custo total do proxecto.

Artigo 10. *Órgano responsable da tramitación*

O órgano responsable da instrución dos expedientes das axudas recollidas nesta resolución será a Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da Axencia Galega da Calidade Alimentaria,

Artigo 11. *Obriga de relacionarse electronicamente*

Nos termos previstos no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as persoas xurídicas están obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

No caso das persoas autónomas, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, a obriga de relacionarse electronicamente coas administracións públicas fundaméntase no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia.

Tendo en conta o anterior, tanto a presentación das solicitudes de axuda como os demais trámites necesarios para a xestión deste procedemento administrativo, incluídos os requirimentos de emenda e as notificacións, faranse a través de medios electrónicos, nos termos previstos nestas bases reguladoras.

Artigo 12. *Presentación das solicitudes*

1. As solicitudes estarán dirixidas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria e presentaraas a entidade solicitante, que debe cumprir o disposto nos artigos 2 e 3 da presente resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (https://sede.xunta.gal/chave365).

3. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas teñan que realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

A través da Carpeta do cidadá dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, os interesados poderán relacionarse coa Administración competente e realizar os trámites necesarios para a tramitación do procedemento, consultar o seu estado de tramitación e coñecer os actos de trámite realizados con indicación do seu contido, así como a data en que foron ditados.

Artigo 13. *Reformulación das solicitudes*

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar o beneficiario para que reformule a súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable.

Unha vez que a solicitude, de ser o caso, teña a conformidade da comisión de valoración, remitiráselle ao órgano competente para que dite resolución.

En calquera caso, a reformulación das solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos nas presentes bases reguladoras.

Artigo 14. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Memoria cega do proxecto en que se fará, segundo as epígrafes do anexo II, a descrición do proxecto, diagnose da situación, necesidade detectada, obxectivos, resultados esperados, impacto sobre os usuarios potenciais da innovación e relevancia na súa contribución ao obxectivo da Asociación Europea da Innovación (en diante AEI). Ademais, sinalaranse as áreas prioritarias de actuación en que se encadra a iniciativa de cooperación. Nesta memoria non se poderá pór ningún nome propio ou dato identificativo do persoal nin das entidades participantes; o feito de non cumprir esta condición será causa de inadmisión da solicitude (anexo II).

b) Relación do persoal participante no proxecto estimación das horas de dedicación ao proxecto (anexo III).

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

c) Certificación do responsable de persoal de cada entidade participante que indique a tradución do *curriculum vitae* dos integrantes do equipo, traducido ao recollido no punto 2 do artigo 16 (anexo III).

d) *Curriculum vitae* de todos os membros de cada entidade participante na acción de cooperación que recolla os criterios do punto 2 do artigo 16 desta resolución (anexo IV/anexo V, segundo proceda).

e) Memoria científico-técnica para todas as actividades das entidades participantes na acción de cooperación (anexo VI), en que conste:

1º. Un resumo do proxecto en que se xustifique en que consiste a innovación que se vai desenvolver.

2º. Unha introdución en que se presente a situación actual do tema en que se vai traballar na iniciativa de cooperación e a xustificación da execución da acción e o proxecto que se propón.

3º. Obxectivos do proxecto, que incluirá argumentos que avalen a innovación (claros e específicos).

4º. Metodoloxía usada no proxecto que avale a consecución dos obxectivos propostos.

5º. Plan de traballo trasladado a un diagrama de GANTT en que se inclúa as actividades que vaia realizar cada unha das partes que colaboran e o seu desenvolvemento temporal.

6º. Plan de divulgación dos resultados detallando e especificando individualmente o alcance da publicación autonómica, nacional ou internacional. Os beneficiarios comprometeranse á divulgación dos resultados, polo menos a través da internet, dos proxectos piloto e/ou desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías, respectando a súa confidencialidade para salvagardar os intereses dos participantes.

7º. Referencias bibliográficas utilizadas na redacción do proxecto.

8º. Beneficios que poidan derivar do proxecto cara ao sector implicado, desde o punto de vista da súa repercusión económica, social e tecnolóxica.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

9º. Orzamentos do custo total do proxecto e o correspondente a cada un dos axentes cooperantes que colaboran nel, especificando a contía subvencionable de cada parte, con detalle dos diferentes conceptos de gasto especificados no artigo 5 desta resolución. No caso de incluír no orzamento material inventariable ou prestación de servizos tecnolóxicos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o sistema que se empregará para a moderación dos custos propostos polas entidades na solicitude da axuda será a comparación de ofertas diferentes. Para tal fin, os solicitantes das axudas deberán achegar coa solicitude tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. Cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, os solicitantes achegarán unha memoria xustificativa.

f) Xustificación detallada do custo da participación no proxecto de cada unha das entidades beneficiarias participantes no proxecto (anexo VII).

g) Contrato, convenio, acordo de colaboración ou carta de intencións asinado polos representantes legais dos participantes na acción de cooperación. No caso daqueles solicitantes que resulten beneficiarios das axudas, se o que xuntaron á solicitude foi unha carta de intencións, coa aceptación da axuda deberán remitir o contrato, convenio ou acordo de colaboración asinado polos representantes legais das partes.

h) De ser o caso, declaración responsable sobre a exención de declaración de IVE. En caso de non presentar esta declaración entenderase que o IVE é recuperable e, polo tanto, non subvencionable.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

4. No caso de que algún dos documentos que cómpre presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non obstante o disposto no número 1 deste artigo, a presentación da seguinte documentación considerarase mínima imprescindible para a tramitación das solicitudes:

a) Solicitude da axuda cos datos de identificación do proxecto e das entidades participantes (anexo I).

b) Memoria cega do proxecto en que se fará, segundo as epígrafes do anexo II, a descrición do proxecto, diagnose da situación, necesidade detectada, obxectivos, resultados esperados, impacto sobre os usuarios potenciais da innovación e relevancia deste. Ademais, sinalaranse as áreas prioritarias de actuación en que se encadra a iniciativa de cooperación. Nesta memoria non se poderá pór ningún nome propio ou dato identificativo do persoal nin das entidades participantes; o feito de non cumprir esta condición será causa de inadmisión da solicitude (anexo II).

c) Memoria científico-técnica con todos os seus puntos cubertos, na cal se describan todas as actividades das entidades participantes na acción de cooperación (anexo VI).

Non serán admitidas aquelas solicitudes que non presenten a antedita documentación debidamente cuberta e asinada. Nestes casos emitirase resolución de inadmisión.

6. No suposto de que a solicitude, no referente á documentación non incluída no punto 5 deste artigo, non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria, ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase o solicitante para que nun prazo de dez días hábiles, que comezará a contar o día seguinte ao de acceso ao requirimento, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, e arquivaranse as actuacións despois da notificación da resolución en tal sentido, de acordo co establecido nos artigos 21 e 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

Artigo 15. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante cando se trate dun empresario individual.

b) NIF, se se trata dunha persoa xurídica.

c) Certificación de estar ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante AEAT).

d) Certificación de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

e) Certificación de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo I e achegar os devanditos documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 16. *Avaliación das solicitudes*

Para a avaliación das solicitudes presentadas teranse en conta os seguintes criterios de puntuación:

1. Idoneidade dos axentes cooperantes (valoración máxima 95 puntos):

a) Proxectos de cooperación que se desenvolvan en colaboración con entidades públicas ou privadas que teñan acreditada a investigación no seu obxecto social e/ou o seu fin principal, centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos, en función da porcentaxe que supoña o custo das actividades desenvoltas por estes centros sobre o custo total da iniciativa de cooperación:

1º. Porcentaxe ata 15 % (1 punto).

2º. Porcentaxe de máis de 15 % ata 17 % (4 puntos).

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

3º. Porcentaxe de máis de 17 % ata 19 % (6 puntos).

4º. Porcentaxe de máis de 19 % ata 21 % (8 puntos).

5º. Porcentaxe de máis de 21 % ata 25 % (10 puntos).

6º. Porcentaxe de máis de 25 % ata 30 % (12 puntos).

7º. Porcentaxe superior ao 30 % (15 puntos).

b) Proxectos en que participen directamente entidades de xestión e promoción de indicacións de calidade diferenciada de produtos agrarios (10 puntos).

c) Proxectos en que participen directamente cooperativas ou asociacións agrogandeiras e/ou forestais legalmente constituídas (3 puntos por cooperativa e 2 puntos por asociación participante ata un máximo de 10 puntos).

d) Proxectos en que participen centros públicos de investigación ou centros tecnolóxicos que teñan como actividade principal e/ou finalidade constitutiva a investigación e innovación agroforestal (ata un máximo de 25 puntos):

1º. Participación de 1 centro público (15 puntos).

2º. Participación de 2 ou máis centros públicos (25 puntos).

e) Experiencia do centro de investigación ou tecnolóxico e que teña relación co proxecto en (máximo 15 puntos):

1º. Agricultura e gandaría ecolóxica e produción integrada: 5 puntos.

2º. Recuperación e valorización de especies e variedades autóctonas: 5 puntos.

3º. Elaboración de produtos (alimentos e ingredientes) de artesanía alimentaria: 5 puntos.

f) Proxectos en que participen directamente produtores primarios: 20 puntos.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

2. Calidade técnica dos equipos dos axentes cooperantes (valoración máxima 145 puntos):

a) Calidade técnica dos membros do centro de investigación ou centro tecnolóxico participantes na acción de cooperación: ata 65 puntos:

1º. A composición do equipo deberá ser a idónea para a execución do proxecto e estará en consonancia co seu desenvolvemento. Este feito deberá xustificarse co perfil profesional de cada compoñente:

1º.1. Persoal técnico do equipo:

1º.1.1. Por contar con algún membro con titulación de doutor (8 puntos).

1º.1.2. Por contar con algún membro con titulación universitaria de máster ou equivalente (7 puntos).

1º.1.3. Por contar con algún membro con titulación universitaria de grao medio ou equivalente (6 puntos).

1º.2. Persoal de campo e servizos:

1º.2.1. Por contar con algún membro con titulación de técnico superior ou equivalente (4 puntos).

1º.2.2. Por contar con algún membro con titulación de técnico medio ou equivalente (3 puntos).

1º.2.3. Outros (2 puntos).

2º. Por membro en formación (máximo 10 puntos):

2º.1. 6 puntos por membro.

2º.2. Se ademais é muller, 4 puntos máis.

3º. Por participación en proxectos I+D+i: 1 punto por membro e proxecto ata un máximo de 10 puntos.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

4º. Por experiencia nos temas que se van tratar: 1 punto por proxecto de temática similar, ata un máximo de 15 puntos.

b) Calidade técnica dos membros/entidades cooperantes do proxecto (máximo 80 puntos):

1º. Por persoal que participa no proxecto con titulación universitaria relacionada coa temática do proxecto: 20 puntos. A maiores, no caso de ser muller ou mozo/a menor de 41 anos: 5 puntos.

2º. Por persoal que participa no proxecto con titulación técnica de formación profesional: 15 puntos. No caso de ser muller ou mozo/a menor de 41 anos: 5 puntos.

3º. Por persoal de campo necesario para o desenvolvemento do proxecto que sexa muller ou mozo/a (menor de 41 anos): 15 puntos.

4º. Por participación activa en accións de transferencia tecnolóxica: 1 punto por acción e membro, ata un máximo de 10 puntos.

5º. Participación en proxectos de I+D+I no sector agrario ou forestal e/ou experiencia temática na iniciativa do proxecto das entidades participantes na acción de cooperación: 1 punto por proxecto ou experiencia e entidade, ata un máximo de 4 puntos.

6º. Para produtores primarios por ano traballado no sector onde se pretende desenvolver o proxecto: 1 punto por ano, ata un máximo de 6 puntos.

3. Calidade técnica da proposta (valoración máxima 90 puntos):

a) Formulación do proxecto (ata un máximo de 35 puntos):

1º. Claridade. Obxectivos e fitos claros e específicos (15 puntos).

2º. Medible. Fins e beneficios cuantificables (10 puntos).

3º. Realizable. Que o cronograma do proxecto estea claramente estruturado e pautado (10 puntos).

Para poder ser seleccionado, o proxecto deberá obter un mínimo de 20 puntos neste punto.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

b) Efecto transferible do proxecto no sector (15 puntos).

c) Proxectos que impliquen a mobilización e utilización directa de terras (10 puntos).

d) Proxectos que promovan directamente a conservación e melloras ambientais. Ata un máximo de 25 puntos:

1º. Novos sistemas de produción agrosilvopastorais: 10 puntos.

2º. Xestión de recursos hídricos: 5 puntos.

3º. Medida da pegada de carbono ao longo dos procesos da cadea alimentaria: 5 puntos.

4º. Mellora dos métodos de monitorización, preservación e mellora da fertilidade do solo: 5 puntos.

e) Proxectos correspondentes á área da produción de enerxías renovables de orixe agroforestal (5 puntos).

4. Alcance e impacto previsto da acción de cooperación (valoración máxima 125 puntos).

a) Programas específicos dirixidos ás áreas de sanidade animal e vexetal, así como aos seus transformados, para un uso sustentable de produtos sanitarios (15 puntos).

b) Revalorización dos produtos e subprodutos agrarios e forestais (15 puntos).

c) Proxectos orientados á redución dos custos de produción (15 puntos).

d) Programas de mellora dos sistemas produtivos baseados no emprego de variedades autóctonas que confiran diferenciación e tipificidade ás producións agrarias (10 puntos).

e) Mellora da competitividade e sustentabilidade dos cultivos de cereais e leguminosas para alimentación humana e animal (15 puntos).

f) Proxectos orientados á redución do consumo e da dependencia enerxética (10 puntos).

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

g) Produción de alimentos tradicionais en pemes alimentarias, relacionadas cos beneficios da dieta atlántica galega (10 puntos).

h) Solicitude presentada por unha entidade que teña a súa sede social nun dos concellos das zonas desfavorecidas definidas na medida 13 do PDR 2014-2020 (10 puntos).

i) Se ademais do anterior, é concello de montaña definido na medida 1.3 (15 puntos).

j) Usuarios potenciais da innovación proposta (ata un máximo de 10 puntos):

1º. Unha área ou sector produtivo/económico (5 puntos).

2º. Dúas ou máis áreas ou sectores produtivos/económicos (10 puntos).

k) Ámbito ou alcance do plan de divulgación (ata un máximo de 10 puntos):

1º. Plan de divulgación no ámbito autonómico (5 puntos).

2º. Plan de divulgación no ámbito autonómico e estatal (8 puntos).

3º. Plan de divulgación no ámbito autonómico, estatal e europeo (10 puntos).

A axuda adoptará a forma de subvención anual, convocada en réxime de concorrencia competitiva, segundo as bases reguladoras establecidas para o efecto.

A solicitude para poder ter acceso á axuda deberá alcanzar un limiar mínimo de puntuación que se corresponderá co 30 % da puntuación máxima total que se poida alcanzar no procedemento de valoración. A puntuación máxima teórica atribuíble a unha solicitude será de 455 puntos e a puntuación mínima será de 137 puntos. Así mesmo, deberá obter como mínimo 20 puntos na epígrafe de formulación do proxecto para poder ser seleccionadas.

As solicitudes serán ordenadas en orde decrecente segundo a puntuación obtida na valoración.

No caso de empate, resolverase segundo as solicitudes obtivesen unha maior puntuación nos criterios e orde seguintes:

1. Axentes cooperantes e obxecto da acción.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

2. Calidade técnica dos membros da entidade solicitante da acción de cooperación.

3. Calidade técnica dos membros do centro de investigación ou tecnolóxico participante na acción de cooperación.

A selección das solicitudes en función dos criterios establecidos nesta submedida será realizada a través dunha comisión de valoración, nomeada para o efecto polo órgano competente. A actuación da dita comisión como órgano colexiado estará suxeita ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 17. *Resolución e notificacións*

1. A resolución da concesión das axudas corresponderalle ao director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, logo da avaliación das solicitudes por unha comisión. A dita avaliación conterá unha relación priorizada dos proxectos que se propoñen para ser financiados co seu correspondente orzamento e a relación dos proxectos que se consideran non financiables.

2. A avaliación das solicitudes e determinación da contía da axuda será realizada por unha comisión. Para avaliar as solicitudes a comisión aplicará os criterios expostos no artigo 16 desta resolución. A comisión só terá en consideración aquela documentación susceptible de valoración que sexa presentada no momento da solicitude. Para determinar a contía da axuda a cada beneficiario, a comisión aplicará a metodoloxía que se recolle no artigo 6 desta resolución. A dita comisión actuará como un órgano colexiado constituído polos seguintes membros:

a) Presidente: o xefe da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria, ou a persoa en que delegue.

b) Secretario: un funcionario da Axencia Galega da Calidade Alimentaria nomeado polo director, que actuará con voz e voto.

c) Vogais: tres funcionarios nomeados, dous da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e un terceiro vogal da Axencia Galega de Innovación, por proposta do/da director/a da Axencia, que serán nomeados polo mesmo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

A Comisión de Avaliación poderá solicitar a colaboración de expertos científico-técnicos externos, de recoñecida experiencia nas áreas correspondentes ás propostas presentadas, co fin de informar da idoneidade dos respectivos proxectos solicitados.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

3. A resolución deberá ser notificada aos beneficiarios de forma individualizada, de acordo co previsto nos artigos 40 e 42 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A dita notificación deberá informar os beneficiarios de que a medida se subvenciona en virtude dun programa cofinanciado polo Feader e que se enmarca dentro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, medida 16, submedida 16.20, prioridade 1, fomentar a transferencia de coñecemento e innovación na agricultura, na silvicultura e nas zonas rurais.

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos.

5. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (https://sede.xunta.gal). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

7. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. O prazo máximo para resolver as solicitudes presentadas ao abeiro da presente convocatoria será de catro meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

De non mediar resolución expresa no devandito prazo, as solicitudes poderán entenderse desestimadas.

10. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria poderá solicitar calquera aclaración ou documento que considere necesario para a correcta tramitación do expediente.

11. Non se concederán nin pagarán subvencións a solicitantes ou beneficiarios que non estean ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social, ou que teñan débedas pendentes de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Para eses efectos, a presentación da solicitude de axuda implica a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións acreditativas correspondentes da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda.

12. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

13. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Artigo 18. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Poderase acordar a modificación da concesión por instancia do beneficiario, sempre que se presente a solicitude de modificación con anterioridade á data de finalización do prazo de xustificación das actividades obxecto de subvención, que nestas axudas coincide co prazo para a súa realización, e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das bases reguladoras.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

d) Que o conxunto das modificacións propostas non supere un 10 % da axuda concedida.

3. Non será admitida ningunha modificación non autorizada previamente polo órgano xestor.

4. Ampliación do prazo de execución: a ampliación deberá solicitarse, como máximo, un mes antes de que acabe o prazo de execución. Tanto a petición das persoas solicitantes como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de xustificación. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia ao interesado.

Artigo 19. *Aceptación e renuncia*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, os beneficiarios disporán de 10 días hábiles para a súa aceptación desde a notificación desta; transcorrido este sen que producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 20. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas que resulten do capítulo III do título preliminar do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

1. Reintegrar as cantidades percibidas coa subvención, xunto cos xuros de demora calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

2. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control. A maiores, ao tratarse de axudas cofinanciadas cos fondos do Feader, os beneficiarios deberán someterse aos específicos controis administrativos sobre o terreo e a *posteriori*, segundo o recollido no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n° 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade.

3. Proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades, de conformidade co disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do 17 de decembro de 2013.

4. Os beneficiarios deberán levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas á acción de cooperación subvencionada.

5. Todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan ao abeiro desta resolución deberán levarse a cabo de acordo co anexo II do Regulamento 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do 17 de decembro de 2013, e co disposto na Estratexia de información e publicidade do PDR 2014_2020 de Galicia. O beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:

a) O emblema da Unión.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

b) Unha referencia á axuda do Feader.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Feader, da seguinte forma:

a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando poida establecerse un vínculo entre o obxecto do sitio web e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados, e destacando a axuda financeira da Unión Europea.

b) No caso de operacións non comprendidas no punto a) (obras de infraestruturas ou construción que se beneficien dunha axuda pública total de importe superior a 500.000 euros), atenderase ás seguintes obrigas:

As operacións que reciban unha axuda pública total superior a 10.000 euros, en función da operación financiada, colocarán, polo menos, un panel coa información sobre a operación (de tamaño mínimo A3), onde se destaque a axuda financeira recibida pola Unión, nun lugar visible para o público.

Cando a operación no marco dun PDR dea lugar a un investimento que reciba unha axuda pública total superior a 50.0000 euros, o beneficiario colocará unha placa explicativa coa información sobre o proxecto, en que se destacará a axuda financeira da Unión Europea (anexo 2 desta resolución).

Os carteis, paneis ou placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación e os elementos descritos anteriormente. Esta información ocupará, como mínimo, o 25 % do cartel, da placa ou da páxina web.

6. O órgano xestor poderá organizar actividades de divulgación relacionadas coas accións financiadas. Os beneficiarios estarán obrigados a participar nelas.

Artigo 21. *Pagamento das subvencións*

1. A entidade beneficiaria deberá xustificar a subvención conforme a anualidade establecida na resolución da concesión e solicitar os correspondentes pagamentos parciais da subvención, coa data límite do 1 de outubro para as anualidades 2020 e 2021 e 31 de marzo para a anualidade 2022, salvo casos excepcionais debidamente autorizados polo órgano xestor, acorde co artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, logo da petición do beneficiario.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

A documentación correspondente á xustificación do investimento presentarase igualmente de forma electrónica.

2. As solicitudes de pagamento (anexo VIII, modelo A) presentaranse acompañadas dos seguintes documentos:

a) Un resumo da execución da subvención en que conste o concepto subvencionable, o provedor, o importe (co IVE excluído e desagregado) e a data de cada un dos xustificantes agrupados por entidade participante e por conceptos de gastos (anexo VIII, modelo B). O seu formato é de folla de cálculo e estará á disposición dos beneficiarios na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

b) Documentación acreditativa da realización dos gastos correspondentes ás actividades subvencionadas, que consistirá nas facturas e nos seus correspondentes xustificantes de pagamento mediante transferencia bancaria. A expedición das facturas e o seu contido axustaranse ao disposto no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento das obrigas de facturación.

Os xustificantes de pagamento obtidos a través da banca electrónica deberán estar validados co selo da entidade bancaria correspondente.

Considérase admisible o pagamento en metálico nos seguintes supostos e condicións:

1º. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, non supere os 1.000 euros; neste caso, o pagamento xustificarase mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo provedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do provedor de someterse ás actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación xuntarase a factura preceptiva.

2º. Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo provedor en que figure a expresión «recibín en metálico».

3º. As excepcións consideradas nos puntos anteriores non serán aplicables aos pagamentos efectuados directamente pola Administración a provedores, que deberán xustificarse mediante a achega dalgún dos documentos indicados na alínea b) deste punto.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

c) De acordo co establecido no artigo 24 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas axudas ao desenvolvemento rural, os controis administrativos das solicitudes de axuda incluirán, entre outras cousas, a moderación dos custos propostos, que se avaliará mediante un sistema adecuado de avaliación. O sistema que se empregará para a moderación dos custos propostos polos beneficiarios na xustificación da axuda será a comparación de ofertas diferentes. Para tal fin, os beneficiarios das axudas deberán achegar coa xustificación:

1º. Tres ofertas de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

2º. Unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Pola diversidade dos gastos subvencionables nestas axudas e polo seu carácter innovador, e naqueles casos de custos de pouca contía, poderase substituír o sistema de comparación de ofertas diferentes pola referencia a prezos de mercado ou a bases de datos de prezos.

Malia o anterior, segundo o recollido no artigo 30.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano xestor poderá comprobar en calquera dos tres sistemas de moderación o valor de mercado dos gastos.

3º. Todas as ofertas presentadas para cada gasto deberán cumprir os seguintes requisitos:

3º.1. Deberán proceder de empresas que teñan como obxecto social a fabricación ou subministración dos bens ou servizos incluídos na oferta, salvo na compra de terreos e edificacións.

3º.2. Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.

3º.3. Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome ou razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Para que a descrición dos conceptos se considere detallada deberá incluír, no caso de obra civil e instalacións, a relación pormenorizada e

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

cuantificada das unidades de obra que inclúe, no caso de subministración de maquinaria e equipamentos, a súa marca e modelo, así como características técnicas e, no caso de prestación de servizos, a descrición detallada destes.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar a exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria a elección, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. De non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a moderación de custos poderá xustificarse alternativamente mediante un informe dun taxador, perito ou dun organismo público autorizado en que se determine xustificadamente o seu valor de mercado.

Non se considerarán subvencionables os gastos en que non se xustifique a moderación de custos conforme os criterios e requisitos sinalados neste apartado.

d) No caso de custo de persoal, tanto técnico propio como adicional contratado, con destino específico ao proxecto, deberá achegarse:

1º. Certificación emitida polo responsable de persoal co visto e prace do xerente ou director da empresa, consistente nunha relación detallada por meses do persoal dedicado ao proxecto que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome e apelidos, posto na empresa, retribución bruta mensual, data de pagamento das retribucións, importe da Seguridade Social con cargo á empresa e custo proporcional imputado ao proxecto (retribucións + Seguridade Social), segundo as horas dedicadas por cada traballador mensualmente ao proxecto (anexo VIII, modelo C e anexo VIII, modelo D).

2º. Nóminas, así como o xustificante de pagamento (transferencias bancarias), TC1 e TC2 e ingreso do Imposto sobre a renda das persoas físicas (modelo 111).

e) No caso de gastos de viaxes e axudas de custo relacionadas coa execución do proxecto deberá achegarse unha certificación das viaxes realizadas, xunto coa documentación acreditativa da realización do gasto (anexo VIII, modelo E).

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

f) No caso de proxectos plurianuais con importe superior a 18.000 euros, de acordo co recollido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exoneraranse os beneficiarios de garantía, logo da autorización do Consello da Xunta.

g) No caso dos gastos das entidades que colaboran coa entidade solicitante será suficiente para xustificar o gasto a emisión dunha única factura onde se reflictan os diferentes conceptos de gasto, debidamente conformada polo responsable da xestión económica e do persoal do centro correspondente. Todo iso sen prexuízo da obriga de dispoñer dos correspondentes xustificantes orixinais de execución do gasto, de acordo co especificado nas alíneas a) á e) do presente artigo no momento de emisión da factura, para os efectos de calquera comprobación ou auditoría.

Todos os datos incluídos nos dous documentos anteriores, agás cando explicitamente se indique, formarán parte dunha base de datos, serán confidenciais e non se poderá facer uso deles salvo autorización expresa dos seus propietarios.

h) Presentarase anualmente un informe parcial dos resultados, en formato normalizado, no cal se reflectirán os datos do nivel de execución do proxecto (anexo VIII, modelo F).

i) Cando se trate da última anualidade achegarase, ademais dun informe final de resultados en formato normalizado (anexo VIII, modelo G), unha memoria en formato libre en que se detallará o desenvolvemento científico-técnico do proxecto, así como os resultados obtidos.

3. Segundo o recollido no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen se ter presentado esta perante o órgano administrativo competente, este requirirá o beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días a presente, para os efectos previstos neste capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e as demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que conforme a lei correspondan.

Cando o órgano administrativo competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada polo beneficiario, porao

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez días para a súa corrección, de acordo co artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Para efectuar o pagamento, o beneficiario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos, entes ou sociedades, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (anexo VIII, modelo H). Así mesmo, cando a axuda fose concedida para a realización de proxectos relativos a operacións non reguladas polo artigo 36 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, é dicir, aquelas nas cales o produto final non estea incluído no anexo I do dito Tratado, deberase presentar unha declaración complementaria sobre as axudas *de minimis* percibidas nos tres últimos anos fiscais pola entidade beneficiaria (anexo VIII, modelo I).

5. Segundo o recollido nos artigos 31.5, 33.2 e 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos coa aceptación da axuda, a cantidade desta que finalmente teña que percibir o beneficiario ou, de ser o caso, o importe que vai reintegrar virá determinada pola aplicación de criterios de graduación que deberán responder ao principio de proporcionalidade.

Artigo 22. *Control*

1. A Consellería do Medio Rural poderá facer as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade, e a modificación realizada a este polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión do 10 de xullo de 2017.

Así mesmo, e segundo o previsto no artigo 30 da Lei 9/2007, o órgano concedente procederá á comprobación material do investimento daquelas subvencións de capital superior 60.000 euros, no seu computo individual, destinados a investimentos tanxibles.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

Ademais do seguimento baseado nos informes finais recibidos, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria poderá facer un seguimento técnico do proxecto mediante a presenza *in situ* do persoal técnico nomeado para este fin. O seguimento poderá avaliar o grao de cumprimento das accións propostas, así como o plan de traballo previsto en cada etapa do proxecto e os datos e resultados derivados do proxecto.

2. Os controis administrativos da solicitude de pagamento incluirán necesariamente as seguintes comprobacións:

a) A acción finalizada en comparación coa operación para a cal se presentou a solicitude e se concedeu a axuda.

b) Os custos contraídos e os gastos realizados.

3. A entidade beneficiaria someterase aos procedementos de comprobación e control financeiro das accións de cooperación subvencionadas por parte da Consellería do Medio Rural, do órgano pagador do Feader, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de Contas, do Tribunal de Contas e das instancias comunitarias de control.

4. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta resolución o referido ao réxime de controis, reducións e exclusións reguladas no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e á condicionalidade en relación coas medidas de desenvolvemento rural.

A contía da subvención que se pagará calcularase con base no que resulte subvencionable durante os controis administrativos da xustificación e a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario.

O organismo competente examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes subvencionables de acordo co seguinte:

a) O importe que pode concederse ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento.

b) O importe que pode concederse ao beneficiario tras os controis da solicitude de pagamento.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

Se o importe establecido en virtude da letra a) supera o importe establecido en virtude da letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha sanción ao importe establecido en virtude da letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre os dous importes citados, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

Non obstante, non se aplicará ningunha sanción se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non subvencionable.

Artigo 23. *Recursos*

1. A convocatoria desta axuda, as súas bases e todos cantos actos administrativos deriven dela poderán ser impugnados polos interesados.

2. As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta resolución non porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso de alzada perante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo anta a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 24. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. A normativa comunitaria de aplicación será o Regulamento (UE) 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e o Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade, e a modificación reali-

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

zada a este polo Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo de 2017.

2. O incumprimento total ou parcial de calquera das condicións establecidas nesta resolución ou dos obxectivos da actividade subvencionada, a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención, a obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen, o incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, a duplicidade de axudas con cargo a outros créditos dos orzamentos xerais do Estado ou de calquera outra Administración pública, así como as demais circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, constituirán causas determinantes de reintegro da subvención polo beneficiario, xunto cos xuros de demora.

3. Aos beneficiarios das subvencións seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstos na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. En caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao cal se lle engadirán, de ser o caso, os xuros calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de sesenta días, e a data de reembolso ou dedución.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias das subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo do requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 26. *Lexislación de aplicación*

En todo o non previsto nesta resolución observarase o sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (UE) nº 1305/2013, do 17 de decembro, do Feader, e nos regulamentos (UE) 809/2014, do 17 de xullo, (CE) 1303/2013, do 17 de decembro, (UE) 807/2014, do 11 de marzo, (UE) 808/2014, do 17 de xullo, Regulamento de execución e (UE) 2017/1242 da Comisión, que modifica o Regulamento de execución (UE) 809/2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, ás medidas de desenvolvemento rural e á condicionalidade.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Axencia Galega da Calidade Alimentaria, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e reflectirase esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados, conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais.

Disposición adicional segunda. *Marco programático da resolución*

As axudas reguladas na presente resolución forman parte do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015, polo que a presente convocatoria e as súas bases deben axustarse ao contido do programa.

Disposición adicional terceira. *Base de datos nacional de subvencións*

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto de convocatoria para a súa publicación.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a aplicación*

Autorízase o director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2019

Manuel Rodríguez Vázquez
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

ANEXO 1

Lista prevista no artigo 32 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea (anexo I do Tratado)

1	2
Partidas da nomenclatura de Bruxelas	Denominación dos produtos
Capítulo 1	Animais vivos
Capítulo 2	Carnes e refugallos comestibles
Capítulo 3	Peixes, crustáceos e moluscos
Capítulo 4	Leite e produtos lácteos; ovos de ave; mel natural
Capítulo 5	
05.04	Tripas, vexigas e estómagos de animais (distintos dos de peixe), enteiros ou en anacos
05.15	Produtos de orixe animal non expresados nin comprendidos noutras partidas; animais mortos dos capítulos 1 ou 3, impropios para o consumo humano
Capítulo 6	Plantas vivas e produtos da floricultura
Capítulo 7	Legumes, plantas, raíces e tubérculos alimenticios
Capítulo 8	Froitos comestibles; codias de cítricos e de melóns
Capítulo 9	Café, té e especias, con exclusión da herba mate (partida 09.03)
Capítulo 10	Cereais
Capítulo 11	Produtos da moenda; malte; amidóns e féculas; glute; inulina
Capítulo 12	Sementes e froitos oleaxinosos; sementes, sementes e froitos diversos; plantas industriais e medicinais; pallas e forraxes
Capítulo 13	
ex 13.03	Pectina
Capítulo 15	
15.01	Manteiga, outras graxas de porco e graxas de aves de curral, prensadas ou fundidas
15.02	Sebos (das especies bovina, ovina e caprina) en bruto ou fundidos, incluídos os sebos chamados «primeiros zumes»
15.03	Estearina solar; oleoestearina; aceite de manteiga de porco e oleomargarina non emulsionada, sen mestura nin preparación ningunha
15.04	Graxas e aceites de peixe e de mamíferos mariños, incluso refinados
15.07	Aceites vexetais fixos, fluídos ou concretos, brutos, purificados ou refinados
15.12	Graxas e aceites animais ou vexetais hidroxenados, incluso refinados, pero sen preparación ulterior
15.13	Margarina, sucedáneos da manteiga de porco e outras graxas alimenticias preparadas
15.17	Residuos procedentes do tratamento dos corpos graxos ou das ceras animais ou vexetais
Capítulo 16	Preparados de carnes, de peixes, de crustáceos e de moluscos
Capítulo 17	
17.01	Azucres de remolacha e de cana, en estado sólido
17.02	Outros azucres; xaropes; sucedáneos do mel, mesmo mesturados con mel natural; azucres e melazas caramelizadas
17.03	Melazas, mesmo descoloradas

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

1	2
Partidas da nomenclatura de Bruxelas	Denominación dos produtos
17.05 (*)	Azucres, xaropes e melazas aromatizados ou con adición de colorantes (incluídos o azucre con vainilla ou vanilina), con excepción dos zumes das froitas con adición de azucre en calquera porcentaxe (*) Partida engadida polo artigo 1 do Regulamento nº 7 bis do Consello da Comunidade Económica Europea, do 18 de decembro de 1959 (DO nº 7, do 30.1.1961, p. 71).
Capítulo 18	
18.01	Cacao en gran, enteiro ou partido, cru ou tostado
18.02	Casca, cascarilla, películas e residuos de cacao
Capítulo 20	Preparados de legumes, de hortalizas, de froitas e doutras plantas ou partes de plantas
Capítulo 22	
22.04	Mosto de uva parcialmente fermentado, incluso «apagado» sen utilización de alcohol
22.05	Viños de uva; mosto de uva «apagado» con alcohol (incluídas as mistelas)
22.07	Sidra, sidra de pera, hidromel e outras bebidas fermentadas
ex 22.08 (*) ex 22.09 (*)	Alcohol etílico desnaturalizado ou sen desnaturalizar, de calquera graduación, obtido cos produtos agrícolas que se enumeran no anexo I do Tratado, con exclusión das augardentes, licores e demais bebidas espirituosas; preparados alcohólicos compostos (chamados «extractos concentrados») para a fabricación de bebidas (*) Partida engadida polo artigo 1 do Regulamento nº 7 bis do Consello da Comunidade Económica Europea, do 18 de decembro de 1959 (DO nº 7, do 30.1.1961, p. 71).
22.10 (*)	Vinagre e os seus sucedáneos comestibles (*) Partida engadida polo artigo 1 do Regulamento nº 7 bis do Consello da Comunidade Económica Europea, do 18 de decembro de 1959 (DO nº 7, do 30.1.1961, p. 71).
Capítulo 23	Residuos e refugallos das industrias alimenticias; alimentos preparados para animais
Capítulo 24	
24.01	Tabaco en rama ou sen elaborar; refugallos de tabaco
Capítulo 45	
45.01	Cortiza natural en bruto e refugallos de cortiza; cortiza triturada, granulada ou pulverizada
Capítulo 54	
54.01	Liño en bruto (planta de liño), macerado, espadelado, restrelado (peiteado) ou traballado doutra forma, pero sen fiar; estopas e refugallos de liño (incluídas as fías)
Capítulo 57	
57.01	Cánabo (*Cannabis sativa*) en rama, macerado, espadelado, restrelado (peiteado) ou traballado doutra forma, pero sen fiar; estopas e refugallos de cánabo (incluídas as fías)

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

ANEXO 2

Placa explicativa para o caso de accións de cooperación con investimentos cuxo custo total supere os 50.000 euros

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE AGRICULTURA Y PESCA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

galicia

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Europa inviste no rural

PROXECTO:

PROMOTOR:

INVESTIMENTO:

AXUDA PÚBLICA:

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 2014_2020

MEDIDA:

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
ACCIÓNS DE COOPERACIÓN PARA O APOIO DE PROXECTOS PILOTO PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVOS PRODUTOS, PRÁCTICAS, PROCESOS E TECNOLOXÍAS NO ÁMBITO AGROFORESTAL	**MR331A**	**SOLICITUDE**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO ◯ Home ◯ Muller | DATA DE NACEMENTO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: ◯ Persoa ou entidade solicitante ◯ Persoa ou entidade representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal.
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) IBAN

TIPO DE ENTIDADE

DATOS DA INICIATIVA DO PROXECTO DE INNOVACIÓN

TÍTULO

COORDINADOR XERAL DA INICIATIVA DO PROXECTO DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

RESUMO DE CUSTOS (EUROS)

CONCEPTO	1ª ANUALIDADE	2ª ANUALIDADE	3ª ANUALIDADE	TOTAL
Persoal técnico propio e/ou persoal contratado con cargo ao proxecto				
Material inventariable				
Servizos tecnolóxicos externos				
Material funxible				
Gastos de viaxe/axudas de custo				
Custos indirectos				
Outros gastos				
TOTAL				

DURACIÓN DO PROXECTO (ANOS) | CUSTO TOTAL DO PROXECTO (EUROS) | SUBVENCIÓN SOLICITADA (EUROS)

DATOS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

ENTIDADE COLABORADORA 1

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO: ◯ Home ◯ Muller | DATA DE NACEMENTO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE ENTIDADE

ENTIDADE COLABORADORA 2

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO: ◯ Home ◯ Muller | DATA DE NACEMENTO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE ENTIDADE

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

DATOS DAS ENTIDADES COLABORADORAS (continuación)

ENTIDADE COLABORADORA 3

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO: ◯ Home ◯ Muller | DATA DE NACEMENTO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE ENTIDADE

ENTIDADE COLABORADORA 4

NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF

SEXO: ◯ Home ◯ Muller | DATA DE NACEMENTO

TIPO DE VÍA | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA

PARROQUIA | LUGAR

CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE

TELÉFONO | FAX | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO

TIPO DE ENTIDADE

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

◯ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

◯ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

SEDE ELECTRÓNICA https://sede.xunta.gal Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: zcr2mux5-wmt7-elk2-u1y3-rgsmsejn7uv1

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que en relación coa súa representatividade:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

